



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº 274 /143

Aos efectos de incorporar ao Orzamento do ano 2024 os créditos que quedaron en fase de compromiso para atender a execución dos contratos que dos mesmos se derivan, e aqueles outros que sen estar nesta fase teñen un financiamento afectado ou conforman recurso de expedientes en tramitación, resulta necesario comezar os traballos técnicos do proceso de Liquidación do Orzamento do ano 2023 e dar así cumprimento ao previsto nos artigo 191 e seguintes do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo,

RESOLVO

Que polos servizos de Contabilidade e Orzamento, se desenvolvan os traballos técnicos de Liquidación do Orzamento do ano 2023 e unha vez elaborada a preceptiva documentación someter a mesma ao informe preceptivo do Sr. Interventor Xeral para a súa aprobación posterior polo Sr. Alcalde

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira
Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local, sinatura electrónica.
Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/02/2024 10:41	Páxina 1 de 1
274-143	CSV: ADAA4H-A2533A-473CAD-A5PX6F-C3Q6RY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		